

BANDO

**DON DANIEL VEGA PEREZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO
EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO,**

FAI SABER

Que con motivo da apertura do período de cobro do **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao ano 2025**, a cargo do Servizo De Xestión Tributaria e De Recadación Da Excm. Deputación Provincial, e de conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral De Recadación, aprobado por real decreto 939/2005, do 29 de xullo, **comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario empezará a contar o 15 de abril actual e rematará o 16 de xuño de 2025 ambos os dous inclusive**, podendo abona-lo en efectivo nas oficinas de Abanca, de “La Caixa”, do banco de sabadell do BBVA e Caixa Rural Galega, en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se remite ao domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que, por calquera circunstancia, non reciban ou extravíen o documento de ingreso mencionado, poderán solicitar un novo na entidade bancaria e realizar, igualmente, o pagamento.

Transcurrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas faráanse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora nos termos dos artigos 26 e 28 da lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro e, se é caso, as custas que se produzan.

Poderá domiciliarse o pago das débedas tributarias para anos sucesivos en caixas de aforro, bancos e demais entidades financeiras, cumprimentando o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitíndoo ao servizo de xestión tributaria e de recadación, ou ben entregándoo na Dependencia de Recadación deste concello ou en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ribadeo, data da sinatura á marxe

O ALCALDE
Asdo.: Daniel Vega Pérez

